

A MENSAXE POLÍTICA DE CASTELAO

Por VALENTÍN FERNÁNDEZ

Toda figura política trasunta sempre unha mensaxe no que fixa o seu pensamento cara os problemas que magoan as liberdades e dereitos, do pobo de que forma parte, e da os ordeamentos pra que eles sexan superados.

Esa mensaxe pode pervivire logo da morte física de quen o dou e tamén perder vixencia o desaparecer física, ou políticamente, o autor. Todo depende da súa transcendencia e do valor de el e do xeito que poida manterse adiado diante das continxencias que viven os pobos, na evolución que sofren, cando os condicionamentos que se lle establecen, pra vivir e desenrolarse, non gardan os recaudos axeitados as aspiracións que eles teñen.

Eis porque temos de pensare que en política foron grandes homes os que tiveron a visión de albiscar o futuro, matinar encol das traumas vindeiras e sinalar, doadamente, o que todos debemos facer pra que non se lixe a persoalidade étnica da patria. Castelao soupo mergullarse no porvir galego polo que a súa mensaxe está vixente, latexante, buído e vidual por enriba da súa desaparición, sendo o imperativo do seu mandato forza que nos impón o cumprimento do seu mandamento patriótico.

Non pode entón sorprender que, a vintecinco anos do seu pasamento, teña hoxe Castelao máis prenitade política que nos anos da súa teimosa loita. Isto é certo, si vemos a voráxine que nestes intres rilla na xuventude galega por ler con avideza todo canto escribiu, cousa que non acaescéu denantes, xa que Castelao era ollado como un feito artístico e nunca mirado coma home a trascendere con fondal proieición no eido das espranzas dunha Galicia xusta, libre e dona de si mesma, onde a apricación dunha política social, no humán e no económico, truxera a Terra os

bens, físicos e espirituales, que merece disfrutar pola abondosa posibilidade que dán os seus recursos.

Castelao sempre vixente. Eso é certo porque a súa mensaxe, deitado sobor das almas galegas, foi labourado sabendo dos maes da patria e das solucións que os mesmos teñen. E, máis que ren, porque non apuntou o intre presente, senón que enxergou cara o porvir, pois somentes no vindeiro poden desfacerse as tebras que hoxe poñen celaxes pechos as concencias galegas.

Había que chegar os seus irmáns, fortalecendo corpos e vountades, pra que poideran traballar de xeito cotián o fin de outar unha vida política de dinidade, en prenitude e sin amarrallas, na que o parladoiro fraterno permitira atopar as asonancias que crearan as condicións mínimas de entendimento antre os galegos e os outros pobos da Iberia.

Non fala Castelao de odios nin xenera enfrontamentos na súa mensaxe. El solo dí que é perciso que Galicia teña. Non quer ren do que pertence ás outras nacionalides das Hespañas. E, na súa xenerosidade, chega a ofrecer a Galicia como ponte de prata pra integración xeopolítica de Iberia o afirmare que somentes nós, os galegos, sabemos cómo tratar e falar con Portugal.

E por esa grandía conceición do probrema político galego que Castelao adquire a dimensión sobrehumán que fai del un arquetipo patriano comparábel aos que, pra outros pobos, foron De Valera, Masaryk ou Benes, verdadeiros pais das súas patrias.

Ese ollar cara o futuro galego, con realismo certo, fai que trascenda Castelao diante do outo valor que tivo a obra plástica que fixo. Porque el vai transcendere e perdurare en tanto e canto soupo dar as bases pra que, axustándose a elas, poidan os galegos percorrer as etapas que os levarán as benzoadas albas dos tempos profetizados, por moito que sexa mester adiar as ideas, espostas fai corenta ou cincoenta anos, pra unha terra e uns homes que, logo de ese feito, nin siquer outiveron a pequena migalla que tiveron perto da man, logo de catrocentos anos de ferro, pó e traballos, e que aínda sigue tendo vixencia logo do intre do tronzamento de tan sinificativa espranza.

A mensaxe de Castelao como tal, nace no desterro. Non eran doados os tempos das duras loitas políticas pra os traballos de sintetización de ideas e soños. E no lecer emigrado forzoso, no que se pode ir ordeando todo: temas, traballos, bases e a ortodoxia a seguire pra que ningún se esqueza de coales son as

prioridades a que deben axustarse os esforzos que todos temos de asumir pra sacar a patria do seu marxinamento.

Longas vegadas leva ordear todo canto está no maxín e no recordo. Xurde así o volume que resume todo canto foron os trafegos dos devanceiros que traballaron decote encol da nosa redención política. Sae do prelo o *Sempre en Galiza* que, pola outa calidade do seu contido, toma dereitos de obra que ningún galego debe de iñorar. Todo canto é pasado, presente e futuro galego está alí. E, por enriba do aneidótico, o cerne promesante do seu texto ten o xermolar vizoso que dará froitos xigantescos polo agromar crecente que lle dán os pulos dun pobo disposto a tomar as novas bandeiras que coas súas ideas Castelao ofrece.

O realismo político é o grandío acerto que se deixa de ver no devandito libro. Nel honórase a quenes, o longo dos séculos, mantiveron inclaudicábel loita e souperon estar nas vangardas das hostes que impediron a doma galega.

Mais o feito de que a pouco do seu aparecemento se poidera ver a xenial madurez de Castelao, capás de dar unha mostranza da súa capacidade política, non foi por elo suficiente pra impedir a simbiosis antre o que ela contén e todo canto el fixera ao traveso da sutil agudeza do seu lápiz. Amóstrase entón como, dende o intre inicial da súa obra, Castelao fixa pra sí unha nordesía que o pón no andarivel dunha nova concencia. O seu indomábel esprito dalle azos pra pensar que xa non resolven os asuntos galegos as bases de Brañas ou as ideas de Chao. Pensa que as etapas por vir teñen que nutrirse dos soños das Irmandades, das espranzas dos homes de Nós e dos anceios de quenes compriron meritísima labor no Seminario de Estudos Galegos.

Non. Castelao decátase que a solución galega está somentes na concentización do pobo pra que éste asuma o rol cos tempos novos lle fixa, deixando de lado o pranto, que non leva a ningures, pra que comence unha solidaria aición co leitiva con destino a politizar vountades sabendo que ao traveso do quefacer de todos virán as solucións que nós percisamos.

Mastro do cruceiro da paixón galega. Símbolo benquerido do noso anguriado pobo, Castelao foi quen nos dixo, ca súa mensaxe, que o úneco camiño que nos leva a redención é poñer o servicio da Terra as nosas reservas vidales pra xugalas nas loitas dos partidos, xa que todo canto adoece na patria está a espera dunha anceiada solución que non ten outra saída que non sexa política.